



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación

Programa educativo municipal “Ao meu xeito!”

Estimado/a presidente/a da ANPA,

Diante das solicitudes de información que se recibiron no SME ao respecto do programa educativo municipal “Ao meu xeito!” indicamos o seguinte:

Solicitudes

As accións poden ser propostas por calquera membro da comunidade educativa e deberán contar co respaldo do consello escolar ou, no seu caso, do consello social.

O centro deberá remitir a súa proposta ou propostas por correo electrónico ao enderezo educacion@coruna.es **antes do 10 de novembro de 2017**.

No asunto figurará o texto “Ao meu xeito!”.

No propio correo deberá achegarse como anexo a seguinte documentación:

- Solicitud asinada pola persoa presidenta do consello escolar (no seu caso, do consello social) co rexistro de saída do centro.

E para cada proposta:

- Breve descrición da acción a desenvolver con indicación da/o propoñente (centro ou ANPA)
- Data/s de desenvolvemento
(As actividades que se financian con cargo a este programa deben realizarse **entre o 18 de outubro e o 10 de decembro de 2017**)
- Orzamento desagregado de gastos (co IVE, se corresponde, incluído)
- Nome das empresas ou persoas autónomas prestadoras dos servizos, o seu NIF e o teléfono de contacto.

Para valorar as propostas é imprescindible que se facilite a totalidade da información que se indica.

Aprobación

O SME comunicará aos centros ou ás ANPA as propostas que sexan aprobadas.

Tras a aprobación, e por razóns de operatividade, as direccións dos centros comunicarán á/ás empresas ou á/ás persoas autónomas que presten o servizo que o Concello acordou contratar os seus servizos e poderán realizar a actividade proposta.

Realización da actividade

Despois de que se realicen as accións aprobadas polo SME, a dirección do centro remitirá un escrito de conformidade coa execución ao SME por medio de correo electrónico ao enderezo educacion@coruna.es **antes de 10 de decembro**. No escrito figurará o rexistro de saída do centro.

Facturación



CONCELLO DA CORUÑA
Área de Xustiza Social e Coidados
Servizo de Educación

As empresas ou as persoas autónomas que desenvolveron a acción emitiránlle a factura ao Concello tras realizar a actividade.

As facturas presentaranse **antes do 10 de decembro** no Rexistro electrónico do Concello cos seguintes datos de cliente:

Concello da Coruña
Praza de María Pita, 1
15001- A Coruña
CIF P-1503000-J
Órgano xestor: LA002333
GE0000928 Educación

No concepto deberá figurar a indicación “Ao meu xeito!” e o nome do centro educativo, ademais dos servizos prestados.

En ningún caso se aboarán con cargo a este programa facturas nas que figure como cliente alguén distinto ao Concello da Coruña.

Quedamos á súa disposición se precisan calquera aclaración adicional.

Teléfono: 981 184 200 ext.: 12038 (Ana Judel) ou 12043.

Saúdos,

Belisario Sixto San José
Xefe de servizo de Educación